

UNIDADE 1: O patriarcado, unha forma machista de organización da sociedade

Lecturas

Lectura 1: Asasinios de pés

O escritor Eduardo Galeano publicou en 2008 [Espellos. Unha historia case universal.](#) Nesta obra fai un repaso moi persoal sobre algúns capítulos da historia. Na peza “Asasinios de pés” reflexiona sobre o costume chinés dos pés de loto.

“Durante máis de mil anos até ben entrado o século XX, as normas de beleza prohibiron que o pé feminino crecese. En China escribiuse, no século IX, a primeira versión da Cincenta, onde cobrou forma literaria a obsesión masculina polo pé feminino diminuto. Ao mesmo tempo, ano máis ano menos, impúxose o costume de vendar desde a infancia os pés das fillas.

Non só por un ideal estético, ademais os pés atados ataban eran un escudo da virtude. Impedindo que as mulleres se movesen libremente, evitaban que algunha escapada indecente puidese poñer en perigo a honra da familia.”

1. Os [pés de loto](#) deformaban os pés das mulleres até o punto de lles impedir andar. En que consiste esta práctica? Que perseguía?
2. O texto fala do conto clásico da Cincenta. Que relación hai entre a vendaxe de pés en China e a Cincenta?
3. Ocorrrenseche outros contos populares que falen de estereotipos de beleza femininos?
4. Ocorrrenseche outras formas de control social da muller a través dos canons de beleza?

Lectura 2: As mulleres protagonizaron a revolución agraria da Prehistoria

Na súa edición do 30 de novembro de 2017 o xornal El País facíase eco dunha [investigación novidosa sobre o papel das mulleres no descubrimento da agricultura](#) durante o Neolítico:

“Investigadoras das universidades de Cambridge e Viena estudaron as propiedades dos ósos de mulleres que viviron e morreron en diversas épocas dos últimos 6.150 anos en comunidades de Europa central. (...) Comparáronos cos brazos de tres grupos de deportistas actuais: futbolistas semiprofesionais, triatletas que competiron en campionatos do mundo e remeiras de clubs de elite. (...) Como grupo de control, tamén analizaron os ósos de mulleres activas pero non deportistas.

«Comprobamos que (...) as mulleres prehistóricas tiñan uns ósos dos brazos máis fortes que os da maioría das mulleres de hoxe, mesmo máis que os das remeiras», di a investigadora de Cambridge e principal autora do estudo, Alison Macintosh. En concreto, atoparon que aquelas mulleres tiñan, de media, os úmeros dos brazos un 30% máis fortes que o das mulleres activas de hoxe e até un 16% máis que as remeiras. Para facerse unha idea (...) as remeiras do estudo adestran máis de 20 horas semanais, percorrendo un 200 km á semana desde fai polo menos sete anos.

(...) Unha posible explicación a esta forza dos brazos podería estar na moenda do gran. «Non podemos dicir concretamente que prácticas estiveron a provocar a carga ósea que atopamos. Con todo, unha das principais actividades nos primeiros tempos da agricultura era converter o gran en fariña e esa tarefa foi probablemente cousa de mulleres», apunta Macintosh. Aínda hoxe, nas sociedades agrarias tradicionais é unha actividade central.

A antropóloga do University College de Londres María Martínón lembra que (...) «os cambios nos ósos pódense utilizar para inferir o estilo de vida ou a actividade física dunha poboación». Por iso considera relevante esta investigación: «Durante moito tempo subestimamos a actividade física das mulleres na prehistoria, sobre todo durante o Neolítico.»

As mulleres do Neolítico desempeñarían variadas tarefas agrícolas: «Plantar e colleitar, moer o gran, o coidar dos animais, carrexar auga e alimento para o gando, tratamento de peles... Noutras palabras, as actividades físicas realizadas polas mulleres neste período foron cruciais para o éxito dun dos maiores fitos na evolución e éxito demográfico do Homo sapiens, como foi a adopción dunha cultura agrícola e gandeira.»

1. Suliña partes do texto das que se deduza que esta é unha investigación fiable.
2. Cres que ten algunha importancia que as persoas que levaron a cabo esta investigación fosen mulleres?
3. A que se refire María Martínón cando di que «Durante moito tempo subestimamos a actividade física das mulleres na prehistoria, sobre todo durante o Neolítico»?
4. Fai un breve repaso do teu libro de historia. Observa as imaxes. Pensas que se dá ás mulleres a relevancia que lles atribúe María Martínón?

5. Se queres traballar un chisco máis sobre este tema, podes contar cantas veces se mencionan aos homes (individual ou colectivamente) e cantas a mulleres. Ten o teu libro de historia sesgo de xénero?